



Torreón dos Andrade





*Torreón
das Andrade*




Torreón dos Andrade

A *torre dos Andrade* é, xunto coa ponte e igrexa parroquial, un dos monumentos máis destacados de **Pontedeume**. Trátase dunha torre da homenaxe que formaba parte do complexo do antigo casa-pazo dos *Andrade*, construído posiblemente por **Fernán Pérez de Andrade, o Bo**, unha vez consolidado o seu señorío sobre **Pontedeume** en 1371.

Este complexo estaba constituído pola *capela de San Miguel* no seu lado sueste, a casa residencial no espazo central, e a torre na parte norte, e pechaba o espazo amurallado polo seu lado noroeste.

Fig. 1: Debuxo de Pontedeume cara o ano 1400.¹






Fig. 2 : Plano da antiga casa-pazo dos Andrade.⁴

A torre defínese como unha fortificación de planta cadrada, hoxe en día restaurada, cunhas dimensións de 11,5m de lado, diminuíndo progresivamente en cada piso (ata perder preto duns 40cm), por 18 de alto, con muros de lousa dun grosor de 2,5 m., esquinados de cachotería de granito, o mesmo que nas portas, ventás e seteiras.

Accedíase a el dende a muralla, a través dunha ponte levadiza que permitía superar o foxo de 4,40 metros de ancho que separaba a dita muralla da porta do primeiro piso da torre. Está dividido interiormente en catro plantas e unha terraza, podendo destacar as súas ventás oxivais e xeminadas, con pedra calada que debuxa nalgún caso un pentagrama, símbolo para os cristiáns dos cinco estigmas de Cristo. En palabras de **Antonio Couceiro Freijomil**, ilustre historiador eumés, de tódalas fortalezas de Galicia, “ningunha ten tantas ventás nin tan fermosas como esta de Pontedeume”.²

A funcionalidade das súas plantas era a seguinte³:

- A planta baixa era calabozo en tempos de paz, e puntualmente almacén de víveres e materias. Accedíase a ela a través dunha trampa coa axuda

dunha escaleira móbil. Contaba coa única ventilación dunha seteira, hoxe cortada pola obra realizada ao abrir a actual porta da entrada.

- A primeira planta era xeralmente o corpo da garda, onde os soldados que defendían a torre tiñan o seu aloxamento. Ademais da porta de acceso, conta con dúas aperturas na súa cara leste, unha pequena porta de arco lixeiramente apuntado e unha seteira, e outra seteira no lado sur. É a única planta que conserva os canzorros nos que se sustentaba as vigas do piso.
- Á segunda planta accedíase por unha escaleira móbil ou unha fixa pero estreita. Servía como espazo da cociña, comedor e do resto dos servizos, contando cunha ampla lareira e unha latrina na súa cara oeste. Nas súas caras leste e sur conta con seteiras, e na norte cunha ventá gótica de arcos lobulados, que probablemente daba a un balcón que corría por todo o muro.
- Na terceira planta estaba a estancia do señor, xa que era a máis segura e comfortable. Podemos contemplar nela unha cheminea e dúas fiestras góticas.
- Na terraza vixiábanse os arredores e defendíase o foxo mediante pequenas garitas: tres redondas, situadas nas confluencias das caras norte-leste, norte-oeste, e oeste-sur; e unha con forma de dous cadrados unidos na confluencia das caras sur-leste. As catro restantes, situábanse no centro de cada unha das caras.

Na cara sur, pódese contemplar o escudo de armas de don **Ginés Ruiz de Castro Andrade y Portugal, XI conde Lemos e VIII de Andrade** (1666-1741), procedente da fachada leste do pazo e colocado na torre da homenaxe quizais xa nos anos 30, despois de que o pazo se derrubase debido ao seu lamentable estado de conservación.

Historia

A historia do torreón vai ligada á liñaxe dos **Andrade**, especialmente á figura de **Fernán Pérez de Andrade III, o Bo**, primeiro señor de **Pontedeume**. Este foi o probable construtor tanto do torreón como posteriormente do pazo, unha vez consolidado o seu señorío sobre a vila de **Pontedeume** en 1371. **Fernán Pérez** aproveitou a parte máis occidental do espazo amurallado, onde probablemente xa existira unha torre anterior, a primeira da vila, mencionada nun documento de 1295 cando **Pontedeume** aínda era vila de reguengo⁵.



Fig. 3: O torreón visto polo pintor Jenaro Pérez Villaamil en 1849.⁶

A construción dunha torre destas características respondía sen dúbida a unha finalidade defensiva. Con todo, tamén hai que enmarcar este feito en relación coa mentalidade da nobreza da época: o señor de **Pontedeume**, ademais de defensa, pretendía igualmente amosar a súa prodigalidade e desprendemento de

bens materiais (de aí o énfase construtivo de **Fernán Pérez**), así como transmitir fortaleza a través da pedra como material e realizar un símbolo manifesto do seu poder xurisdiccional, é dicir, de gobernar e vulgar aos habitantes da vila e alfoz⁷. Ao longo dos seus máis de seis séculos de vida, a torre foi testemuña da historia de **Pontedeume** e dos seus habitantes.

Fig. 4: O torreón con anexos, antes de 1911.⁸



No convulso século XV, pouco despois da súa construción, serviu como defensa e baluarte da muller e fillos de **Nuno Freire de Andrade**, na primeira revolta irmandiña liderada por **Roi Xordo** en 1431 nas terras dos **Andrade**. Non puido, con todo, resistir a iniciativa de **Alonso de Lanzós** na segunda destas revoltas (1467-1469), que tomou a vila facendo fuxir ao señor **Fernán Pérez de Andrade IV, o Mozo**, antes de que as tropas lideradas polo fillo deste, **Diego de Andrade**, a recuperasen. Foi tamén lugar de prisión e morte de personaxes que pasaron á historia como **Diego de Samboulo**, vasalo do *mosteiro de Caaveiro* encadeado por **Pedro Fernández de Andrade**, sucesor de **Nuno Freire**.



Fig. 5: Praza do Conde e ao fondo a avenida Lombardero embelecida, en 1915.⁹

Dende o século XVI, trala unión das **casas de Andrade e Lemos** e o distanciamento dos seus señores, a torre comezou un período de progresivo deterioro, aínda que mantendo parte do seu esplendor, como certifica a descrición realizada por **D. Juan Valentín García**, párroco da *igrexia parroquial de Santiago*, referíndose a **Fernán Pérez de Andrade**:

“Tamén edificou o castelo que ten na dita vila de Pontedeume, e que se atopa na beira do mar, contiguo á famosa horta e xardín da Súa Excelencia e case ao pazo, situados na praza que se titula do Conde, pois ademais de que o dito castelo ten a súa torre, ten tamén o seu correspondente foxo, pois aínda conserva as súas portas forradas con pranchas de ferro, e non puido menos que ser antigamente esta fortaleza, porque tiña os seus canóns de bronce e de ferro.”¹⁰

Fig. 6: O torreón despois da desaparición do pazo, co escudo xa situado no seu lado sur.¹¹



No século XIX o torreón funcionou como cárcere, recuperando un dos seus antigos usos dado que **Pontedeume** era nese momento cabeza de Partido Xu-dicial. Un documento fai referencia á existencia deste centro en 1829, debido a unha fuxida de presos que se producira en 1826 grazas ao mal estado destas dependencias. Ante isto, considerouse a opción de trasladar a cárcere e os presos ao convento dos agostiños, aínda que esta proposta non frutificaría, e volveu o torreón a cumprir esta función. A construción dunha nova cárcere no espazo do peirao, entre 1853 e 1856, puxo solución ao problema do emprazamento dos presos. Aínda a mediados deste século, namentres a muralla e resto de elementos defensivos esmorecían, o torreón mantiña moitos dos seus compoñentes principais, como se pode apreciar en representacións da época.

Sería o século XX o tempo das súas últimas remodelacións exteriores.

Os tempos tiñan mudado e as novas necesidades sociais e do concello impulsaron os cambios máis significativos da morfoloxía do espazo urbano de **Pontedeume**. O pazo dos Andrade na súa totalidade non foi alleo a estas novas circunstancias. A primeira modificación tivo a súa orixe no ano 1905, cando o concello se fai coa propiedade do pazo. Isto facilitou o proceso de derrubo da parte que unía o edificio residencial coa torre da homenaxe ou torreón, en 1911, coa finalidade de abrir a que sería a avenida de Lombardero creando así un acceso á estación de ferrocarril. Ao ano seguinte, tamén as dependencias do pazo adxacentes a esta avenida foron derrubadas pola Corporación, co fin do embelecela.

A división producida entre o **torreón** e o resto do pazo foi unha clara mostra das intencións que por aquel entón comezaba a ensinar o concello con respecto á subsistencia do monumento. Foi quizais esta separación a que marcou tamén o diferente destino de ámbalas dúas partes: por un lado o pazo, que cada vez amosaba un maior deterioro sen que as autoridades locais fixeran practicamente nada por evitalo, dado que tiñan outros plans a realizar no espazo que este deixaría libre para ampliar a *praza do Conde*; e por outro lado a fortaleza, o torreón, que na súa situación periférica no ámbito da *praza do Conde* e ao outro lado da estrada da estación non semellaba un estorbo nos plans da Corporación local, aínda que houbo dúbidas a este respecto¹³.




Fig. 7 e 8: O torreón, 1953 e 1970, trala primeira proxecto de restauración.¹²

Foi precisamente o definitivo esmorecemento e derrubo do pazo entre os anos 1929 e 1936 o que significou a seguinte gran modificación que afectou ao torreón: a colocación do escudo de **Don Ginés Ruiz de Castro Andrade y Portugal**, que pasaba da fachada leste do desaparecido pazo ao lado sur do torreón, onde o podemos contemplar actualmente.

Habería que agardar ata 1951 para que se producise a verdadeira restauración do torreón. Nese ano, o arquitecto **Antonio Tenreiro** realizaba un proxecto de rehabilitación que contemplaba a planta baixa e primeira para un museo, un arquivo e biblioteca na segunda, e unha vivenda para catro artistas na terceira¹⁴. O museo tiña a finalidade de albergar algunhas pezas procedentes do antigo pazo, que se almacenaban no torreón e que aínda hoxe se poden ver expostas nel. A esta primeira restauración correspóndese a porta do lado sur, baixo o escudo, o coroamento de dous dos lados e o túnel de saída á cuberta.

O segundo proxecto de restauración foi levado a cabo en 1974 polo arquitecto **Carlos Fernández Gago-Varela**, rematando o coroamento, abrindo unha segunda porta no lado norte e habilitando a totalidade do edificio para museo, adquirindo a imaxe que se pode contemplar hoxe en día. Con posterioridade a 1974, desapareceron as construcións que imposibilitaban que fora circundado, e creouse o actual *Centro de Interpretación dos Andrade*.



Fig. 9: O torreón na actualidade, o seu lado norte.¹⁵

Escuda de Don Ginés Ruiz de Castro Andrade y Portugal

Amarxe das ventás e dos elementos conservados e catalogados do museo interior, o elemento máis destacado do torreón desde o punto de vista artístico é o escudo situado na fachada sur, e que anteriormente estaba emprazado no lado leste do desaparecido pazo.

Este escudo representa a don **Ginés Ruiz de Castro Andrade e Portugal** (1666-1741), **XI conde de Lemos** e **VIII conde de Andrade**, realizado a finais do século XVII, quizais a raíz dunha das escasas visitas que os **condes de Andrade** fixeron á vila durante os séculos posteriores á unión coa **casa de Lemos**¹⁶.

Contén as armas dos **Castro** (seis roeles¹⁷), **Enríquez de Castela** (león e castelo), **Silva** (león rampante), **Mendoza** (cadea) e a banda coa lenda piadosa Ave María dos **Andrade**, un anxo sostendo unha filacteria coa divisa **NOLITE NOCERE** (“non fagas dano”), a coroa condal, as



Fig.10: Escudo nos seus emprazamentos orixinal e actual.²⁰

dezaoito bandeiras flordelisadas¹⁸, gañadas por **Fernando de Andrade**, primeiro **conde de Andrade**, na *batalla de Seminara* perante os franceses (no ano 1503); e o colar da *Orde do Toisón de Ouro*, fundada polo **Duque de Borgoña Filipe o Bo** (co carneiro característico) que **Carlos II** lle concedeu a **don Ginés**. Este escudo principal está rodeado de follas grandes, quizais de carballo, e conta tamén cunha cuncha entre grandes follas e adornos florais que sosteñen a coroa. Nos extremos da parte superior, vense unha a cada lado, dúas figuriñas á maneira de alfís do xadrez. E todo o conxunto, nas súas tres partes, central (case a totalidade do escudo), superior (enmarca o anxo) e inferior (contén a insignia do *Toisón de Ouro*) está rematado por unha sinxela cenefa¹⁹.

O Centro de Interpretación dos Andrade

Actualmente, o **torreón dos Andrade** acolle a oficina de turismo de **Pontedeume** na súa planta baixa, onde, ademais de paneis explicativos, pódese apreciar algunha das pezas que se conservaron do antigo pazo e que foron alí almacenadas, “restos coa característica supervivencia románica da escultura de moitos dos nosos edificios oxivais, e que pertencen sen dúbida ao patio central ou de honra”.²¹ Entre estas pezas destacan diversos capiteis dobres, bases, ménsula e algún canzorro con rostro en relevo, como o que se pode apreciar na segunda planta.

Nas restantes plantas, primeira, segunda e terceira, está situado o *Centro de Interpretación dos Andrade*. Na primeira, o protagonismo recae na historia e árbore xenealóxico desta familia, así como a maqueta do antigo pazo e paneis explicativos sobre certos aspectos da época medieval, como a función social e ocupacións da nobreza, a situación da muller ou a vida monástica. Ademais, conta con algunha peza artística como vidreiras procedentes de *Caaveiro*, a escultura en madeira dun santo Domingo procedente da antiga *igreja do convento de Santo Agostiño* ou a acta fundacional deste *convento dos agostiños* por **Fernando de Andrade**.

A segunda planta está dedicada á vila de **Pontedeume** na *Idade Media*. Para iso conta con paneis explicativos sobre o plano da vila medieval e sobre os seus habitantes e actividades económicas, así como sobre as revoltas irmandiñas do século XV, un dos principais exemplos de levantamento dos vasallos contra os seus señores a fins da *Idade Media*. Tamén podemos atopar explicacións sobre outros aspectos da vida cotiá, como a comida ou a medicina. Todo isto complementado coa presenza de dous privilexios reais do século XV (de **Xoán II**, en 1434, e de **Henrique IV**, en 1464), así como un libro de obras pías do *convento de Santo Agostiño*.

Na terceira, a historia dos **Andrade** vese ampliada visualmente a través das maquetas da *ponte de pedra* sobre o *Eume* (baseada no seu estado no s. XVIII), do *torreón* actual e do *castelo de Nogueirosa* nos séculos XIV-XV. Ademais, nesta planta está situada a exposición permanente de gravados de **Julio Prieto Nespereira**, fillo adoptivo da vila e un dos artistas galegos máis internacionais do século XX.

Por último, existe a posibilidade de acceder á terraza onde, ademais de poder ver o coroamento, pódese contemplar a vila, a ría ou o castelo no alto de *Nogueirosa*, dende os 18 m. de altura do torreón.



Referencias

¹LÓPEZ HERMIDA, J., CASTRO ÁLVAREZ, C. de, “Las murallas de Pontedeume”, Cátedra. Revista eumesa de estudios, nº 13 (2006), p. 91.

²COUCEIRO FREIJOMIL, A., Historia de Pontedeume e a súa comarca, Xunta de Galicia, A Coruña, 1995 (4ª ed.), p. 138

³Seguimos as obras citadas de López Hermida xunto con de Castro Álvarez e Couceiro Freijomil, pp. 84-86 e 138 respectivamente.

⁴Plano realizado polo enxeñeiro D. Andrés Comerma, publicado no Almanaque de Ferrol de 1909. Vid. BELLO ALONSO, M., “Un atentado contra el patrimonio: la desaparición del palacio-fortaleza de los condes de Andrade en Pontedeume”, Cátedra. Revista eumesa de estudios, nº 18 (2011), pp. 83-84.

⁵COUCEIRO FREIJOMIL, A., Historia de Pontedeume..., op. cit., pp. 138-139.

⁶Vid. BELLO ALONSO, M., “Un atentado contra el patrimonio...”, op. cit., p. 88.

⁷CORREA ARIAS, J. F., Fernán Pérez de Andrade, o Bóo. Mentalidade e realidade social, Ed. Toxosoutos, A Coruña, 2004, pp. 142 e seg.

⁸Vid. BELLO ALONSO, M., “Un atentado contra el patrimonio...”, op. cit., p. 113.

⁹Vid. BELLO ALONSO, M., “Un atentado contra el patrimonio...”, op. cit., p. 114.

¹⁰Vid. SORALUCE BLOND, J. R. (ed.), Descripción de la villa de Puente de Heume, año de 1798, Pontedeume, 1984, p. 16. Tradución do autor.

¹¹Vid. BELLO ALONSO, M., “Un atentado contra el patrimonio...”, op. cit., p. 129.

¹²Vid. BELLO ALONSO, M., *“Un atentado contra el patrimonio...”*, op. cit., pp. 136-137.

¹³Vid. sobre isto BELLO ALONSO, M., *“Un atentado contra el patrimonio...”*, op. cit., pp. 125 e seg.

¹⁴BELLO ALONSO, M., *“Un atentado contra el patrimonio...”*, op. cit., pp. 129 e seg.

¹⁵Vid. BELLO ALONSO, M., *“Un atentado contra el patrimonio...”*, op. cit., p. 140.

¹⁶Sobre isto, CASTRO ÁLVAREZ, C. de, *“Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume”*. Denominación Morfoloxía y Actividad en el Espacio Público (1270-1970), Concello de Pontedeume, 2007, p. 114.

¹⁷Pezas circulares moi frecuentes en heráldica.

¹⁸A flor de lis era símbolo dos reis de Francia.

¹⁹Vid. VÁZQUEZ REY, A., *Heráldica de la villa de Pontedeume*, Círculo Filatélico “Eume”, Pontedeume, 1976, pp. 7-8.

²⁰Vid. BELLO ALONSO, M., *“Un atentado contra el patrimonio...”*, op. cit., p. 106 e a segunda é fotografía do autor.

²¹CASTILLO, Á. del, *“Hallazgos arqueológicos en el antiguo palacio de los Andrade, en Puentedeume”*, Boletín de la Real Academia Gallega, tomo XIX (1930), p. 136.

* Garabana, Víctor. Gravados, p. 1 - 13, pintura, p. 12.

Máis lugares de interese

Ponte de Pedra



Pazo de Rajoy



Convento das Agostiñas



Igrexa das Virtudes



Igrexa de Santiago



Praza Real




Castelo de Andrade



Ermida de San Miguel de Breama





TURISMO PONTEDEUME



Deputación
DA CORUÑA

750
1270-2020



Pontevedra



Torreón das Andrade

www.pontedeume.gal

